

553/2017

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA PARA
A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS


Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, **DONA BEATRIZ MATO OTERO**, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril) e no Decreto 167/2015 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, **DON JULIO ABALDE ALONSO**, Reitor da Universidade de A Coruña, que intervéñ en exercicio da máxima representación institucional da referida Universidade conferida polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Ambas partes recoñécense mutua y reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación educativa e, a tal efecto,





EXPOÑEN:

Primeiro.- O Decreto 167/2015 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio denominada no sucesivo, “a CMAOT”, atribúe a este departamento e aos seus órganos dependentes, competencias e funcións en materia de ambiente, en particular o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente, e competencias e funcións no ámbito do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en particular sobre os espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e a Rede Natural 2000 de Galicia.

Segundo.- O artigo 1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.

Terceiro.- Concorrendo o interese da CMAOT e da Universidade de A Coruña denominada, no sucesivo “a Universidade”- en proporcionar formación práctica aos alumnos desta última en materias científico - técnicas relacionadas coas competencias da primeira que redunden na mellora da súa cualificación profesional, de conformidade co disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, outorgan o presente convenio de cooperación educativa, ao abeiro do establecido no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións para a realización de prácticas formativas nas dependencias da CMAOT adscritas ao cumprimento das funcións e competencias en materia científico - ambiental e en materia de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, detalladas no expositivo primeiro, por parte do alumnado da Universidade que se atope cursando na mesma estudos.

1 Poden realizar prácticas académicas externas:

- a) O alumnado matriculado en calquera ensinanza impartida pola Universidade ou polos centros adscritos a esta.
- b) O estudantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos na Universidade de A Coruña ou nos centros adscritos a esta.

2 Para realizar as prácticas externas o alumnado deberá cumprir, cando proceda, os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na ensinanza universitaria á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que adquirirá ao realizar a práctica.
- b) No caso de prácticas externas curriculares, estar matriculado na materia vinculada, segundo o plan de estudos de que se trate.
- c) Non manter ningunha relación contractual coa CMAOT, salvo autorización con arranxo á normativa interna da Universidade.

3 A Universidade de A Coruña ou a entidade xestora realizará unha convocatoria pública nos centros universitarios afectados, en que se indicará o número de PRAZAS



de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

Segunda.- Desenvolvemento do programa de prácticas académicas externas

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1. A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.
2. A duración das prácticas externas extracurriculares axustarase ao Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, e á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de A Coruña.
3. O alumnado contará cunha persoa titora da CMAOT e con outra da Universidade de A Coruña para realizar as prácticas.
4. O horario das prácticas procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara e a CMAOT está obrigada a concederlle os permisos necesarios para asistir a elas.
5. O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.
6. No referente aos dereitos e deberes das persoas titoras da CMAOT e da universidade, así como do estudantado, atenderase ao recollido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.
7. Ao finalizar as prácticas, a CMAOT e a Universidade de A Coruña entregaranlle a cada estudante un certificado que se axustará á normativa que establece o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.
8. A persoa titora da CMAOT recibirá o recoñecemento da Universidade de A Coruña polo labor realizado.
9. Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, a CMAOT comunicarlle á Universidade de A Coruña ou á



entidade xestora calquera alta e baixa que se produza na CMATI. Xunto á alta de cada estudante, a CMATI comunicará a data do comezo e finalización das prácticas, o período de vacacións se o houbese, o lugar do desenvolvemento e o seu contido.

Terceira.- Compromisos da Universidade.

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Universidade comprométese a:

1º.- Difundir, entre os seus alumnos e alumnas, a organización das prácticas formativas obxecto deste convenio.

2º.-Remitir á Consellería un documento subscrito por cada un dos alumnos ou alumnas seleccionados , conforme ao establecido no Anexo I a este convenio, que incluírá:

- O compromiso de cumprir o seu respectivo programa de actividades e de atender ás indicacións que, en desenvolvemento do mesmo, sexan impartidas pola persoa á que a Consellería encomende a titoría das prácticas.

- A aceptación de que o incumprimento inxustificable de dito programa ou indicacións poderá dar lugar á exclusión do alumno ou alumna da continuación das prácticas, sen prexuízo das medidas disciplinarias que poda adoptar a Universidade.

- O compromiso de manter a confidencialidade con respecto ás informacións recollidas ou aos traballos realizados durante as prácticas, os cales non poderán ser divulgados nin comunicados a terceiros.

- O compromiso de non explotar aqueles traballos realizados en desenvolvemento das prácticas, nin durante o período que duren as mesmas nin tras a súa finalización, sen autorización escrita expresa da persoa que exerce a titoría práctica.

- A aceptación expresa de que a realización das prácticas nas dependencias da Consellería constitúe unha actividade formativa no marco dos seus estudos e non altera o vínculo do alumno ou alumna coa Universidade nin





da lugar ao xurdimento de relación laboral ou de calquera outra índole coa Xunta de Galicia.

- O compromiso de poñer en coñecemento da persoa que exerza a titoría das prácticas calquera incidencia que poida afectar ao normal desenvolvemento das mesmas.

A Universidade de A Coruña axustarase á normativa aprobada para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas.

De acordo coa devandita normativa, a Universidade de A Coruña poderá delegar nunha entidade xestora a execución de prácticas externas extracurriculares.

Cuarta.- Compromisos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio .

Para o desenvolvemento e execución deste convenio, a Consellería comprometése a designar ás persoas que exercerán a titoría práctica do alumnado, coas seguintes atribucións:

- a) Establecer os programas de actividades aos que se suxeitará a realización das prácticas académicas externas.
- b) Establecer as datas de incorporación e finalización do alumnado ás prácticas.
- c) Asignar aos alumnos ou alumnas en prácticas tarefas comprendidas no correspondente programa de actividades e dirixir a realización das mesmas.
- d) Elaborar, ao remate das prácticas, un informe de aproveitamento relativo ao cumprimento do programa de actividades por parte do alumnado en prácticas no que se incluírá unha valoración sucinta sobre o seu nivel cumprimento das tarefas encomendadas, o cal debe axustarse ao recollido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo.



A Consellería reservarase a facultade de limitar o número máximo de prazas dispoñibles para a realización das prácticas por necesidades de servizo.



Quinta.- Réxime aplicable ao alumnado durante a realización das prácticas.

A realización das prácticas nas dependencias da Consellería constitúe unha actividade formativa que non alterará o vínculo do alumno ou alumna coa Universidade nin dará lugar ao xurdimento de relación laboral ou de calquera outra índole coa Xunta de Galicia.

Os estudantes menores de 28 anos están cubertos polo seguro escolar obrigatorio que se paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos terán que contratar de ser o caso o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén de maneira individualizada polo resto do estudantado. A maiores, a Entidade poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional. A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente puider ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para estes efectos.

Sexta.- Protección de datos.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.



Sétima.- Financiamento.

O desenvolvemento e execución do presente convenio non xera gastos que precisen un financiamento específico con cargo aos presupostos das entidades asinantes.

Oitava.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento, que terá por obxecto a vixilancia e control do cumprimento do presente convenio así como a resolución dos problemas que



poidan suscitarse en relación coa súa interpretación ou execución, estando composta polos seguintes membros:

- a).- Pola Consellería, a persoa que ostente a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ou persoa en quen delegue e a persoa que ostente á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ou persoa en quen delegue.
- b).- Pola Universidade, o Reitor ou persoa en quen delegue.

Novena.- Vixencia.

A duración do presente convenio será de dous anos dende a data da súa sinatura e poderá ser obxecto de prorroga expresa polas partes por un período de dous anos.

Décima.- Causas de Extinción.

O presente convenio extinguirase polas seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo Primeira.- Natureza e xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa, polo que o coñecemento dos litixios que poidan suscitarse en relación co mesmo corresponde aos órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade do artigo 15 da Lei 1/2016, do





**XUNTA
DE GALICIA**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

**A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

**O REITOR DA UNIVERSIDADE DE A
CORUÑA**

DONA BEATRIZ MATO OTERO

DON JULIO ABALDE ALONSO



ANEXO I

COMPROMISO DO ESTUDANTE NA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS-CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, E A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A Coruña,

O alumno _____, con DNI nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____

EXPÓN

PRIMEIRO- Que tendo sido seleccionado para a realización de prácticas na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, consonte ao establecido no Convenio asinado entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a Universidade de A Coruña, comprométese a súa realización en cumprimento do convenio.



SEGUNDO- O alumno, durante a realización das prácticas académicas externas atenderá ao cumprimento dos seguintes deberes:

a) Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola universidade.

b) Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor asignado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, baixo a supervisión do titor académico da universidade.



c) Manter contacto co titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.

d) Incorporarse ás prácticas na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as súas normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais.

e) Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas, conforme as liñas establecidas nel.

f) Elaborar a memoria final das prácticas, na que preceptivamente deben figurar os seguintes aspectos:

-Datos persoais do estudante

-Denominación e ubicación da entidade colaboradora onde realizou as prácticas.

-Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos aos que foi asignado.

-Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.

-Relación de problemas formulados e procedemento seguido para a súa resolución.

-Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.

-Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da DXCAA e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estadía e finalizada esta.



h) Amosar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da Consellería, salvagardando o bo nome da universidade a que pertence.

i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa subscritos pola universidade de A Coruña coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

